



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 17 de setembro de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 17/09/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 17/09/2014.
- III. Acordo da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría Industrial sobre os requisitos de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría Industrial para os alumnos procedentes do Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- IV. Plantilla escrito ao profesorado coa información recollida a través do Plan de Acción Titorial da Escola durante o curso 2013-2014.
- V. Modificacións horarios no 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- VI. Informe Actividades Santa Bárbara 2014.
- VII. Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente.
- VIII. Memoria Final e a resposta ás alegacións do Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.
- IX. Plan de Accións de Mellora en resposta ao Informe de Auditoría de Certificación de la Implantación del SGIC.
- X. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas:
 1. QS01-PM01 Informe de Queixas e Suxestións Centro 13-14.
 2. R1-DO0205 Listado de estudantado propio seleccionado 13-14.
 3. R2 DO0205 Listado de estudantado de mobilidade alleo 13-14.
 4. Listado de Practicas en Empresa 13-14.
 5. R1 DO0201 Informe Anual de Coordinación 13-14.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorriño, actúa como secretaria a Subdirectora Dona Carmen Pérez Pérez, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas para o curso 2014-2015.

Como todos os anos procédese a constitución da Xunta de Escola do centro para o actual curso académico cos membros que se relacionan no parte de sinaturas que se achega a esta acta como Anexo II.



2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 14 de xullo de 2014.

Enviouse por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 23 de xuño de 2014.

Unha vez aprobada será posta definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

3. Informe do Director.

O Director informa que

- Faise necesario actualizar os datos do profesorado no curso 2014-2015 que figuran na web da nosa Escola. Prégase a todo o profesorado con docencia na E.T.S.E. de Minas que comprobe se os datos publicados no seu perfil, son correctos:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?profesores>

e envíen aquelas modificacións necesarias ao Negociado do centro xnaxm@uvigo.es

- Recibiuse da Área de Apoio á Docencia e Calidade o informe Final de Avaliación do seguimento interno do curso 2012/13 realizado pola Universidade do título Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental coa clasificación de conforme.
- A Área de Igualdade solicitou ao centro unha persoa do equipo directivo para asumir as funcións de Enlace de Igualdade coas funcións de dinamización e implantación das políticas de igualdade, unha medida contemplada no I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012-2014) aprobado no Consello de Goberno do 12/11/2012. A persoa responsable no centro será a profesora Dona Teresa Rivas Brea, o cal é agradecido pola Dirección.
- Unha vez finalizado o cuarto prazo para os estudantes de primeiro por primeira vez os datos de matrícula son: Grao en Enxeñaría da Enerxía 55 alumnos/as e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos 27 alumnos/as. O oitavo e derradeiro prazo de matrícula aínda pecha o 24 de outubro.
- A Comisión Académica do Máster UEM publicará a lista definitiva de admitidos no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pasado o segundo período de matrícula: ordinaria (8 admitidos) e formación continua (3 admitidos). O terceiro e derradeiro prazo de matrícula ten unha preinscrición do 29 de setembro ao 1 de outubro.
- Como todos os anos está en marcha o proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD do 1º cuadrimestre do curso 2014-2015. Para facilitalo, xa está habilitada na Secretaría Virtual a aplicación para a Planificación de Enquisas de



Avaliación Docente, co obxecto de que o profesorado poida planificar de maneira persoal as enquisas das materias que imparte e determine a data e horario de realización que lle conveña. O prazo de planificación individual por parte do profesorado remata o vindeiro 25 de setembro. Prégase ao profesorado que leve a cabo dita planificación.

- Recibiuse, do Consello de Universidades, a verificación en sentido positivo do plan de estudos correspondente ao título oficial de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas por la Universidade de Vigo.
- Recibiuse no Negociado da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas o certificado do acordo da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría Industrial sobre os requisitos de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría Industrial para os alumnos procedentes do Grao en Enxeñaría da Enerxía (Anexo III). Onde se indica ademais que o bloque de adaptación para este alumnado e o mesmo que o destinado a alumnos procedentes do Grao en Enxeñaría Mecánica da EEI.
- Remitiuse ao profesorado un escrito coa información relacionada coa súa materia, recollida a través do Plan de Acción Titorial da Escola durante o curso 2013-2014. A plantilla do documento enviado pode consultarse no Anexo IV da presente acta.
- Realizouse unha reunión da Comisión de Divulgación e acordouse seguir coas actividades do ano pasado, e impulsar as charlas monográficas que ofertan os profesores. Prégase as persoas interesadas se poñan en contacto coa profesora Marta Cabeza Simó, Coordinadora de Difusión no centro. A Dirección agradece o traballo realizado.
- O Consello Social da Universidade de Vigo concedeu unha axuda de 3000€ para sufragar os parte dos gastos derivados da próxima realización da Semana da Ciencia 2014 no centro.
- Proximamente vaise implantar un sistema de control de docencia en aula empregando un formulario de Google (Google Forms), que disporá dun despregable co código e nome das distintas materias que se imparten nas titulacións da Escola asociado á súa vez co nome e código do profesorado que, segundo POD, imparte docencia en cada unha das materias. Terase acceso directo ao formulario de Google a través do escritorio dos Tablet-PC dispoñibles para o profesorado en todas as aulas de docencia maxistral da Escola. Pretendemos que este novo sistema informático instállese a mediados do primeiro cuatrimestre. En calquera caso, informarase o profesorado da data exacta de instalación, así como das instrucións para o seu correcto manexo. Para o profesorado que non utilice os Tablet-PC da escola na aula, ou imparta parte da docencia en laboratorios experimentais, manterase o parte tradicional de control de firmas. Esta tarefa está sendo coordinada pola Subdirectora María Araújo Fernández co apoio do Técnico Informático do ámbito tecnolóxico José Luis Ríos Beis, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.



- Leváronse a cabo varias actuacións nos laboratorios informáticos do centro: Instalación de novas placas basee (J1900 de 4 cores), 4Gb memoria RAM 1333 MHz e discos SSD HyperX 120Gb en laboratorios 12 e 13; creación de e despregamento de imaxes con Windows 7 de 64 bits con todo o software necesario instalado en ambos os laboratorios; persoalización de contas de administración, alumnos e profesores; instalación de novos servidores de licenzas no servidor de máquinas virtuais, para Autodesk, Roscience, AWL; substitución de switch de servizo a ambos os laboratorios estragado, por dous novos switches con saída independente a internet; substitución do cableado estruturado no armario de datos A5 para adecuar e mellorar a conexión das tomas dos laboratorios; petición de conmutadores de rede de máis capacidade aos servizos informáticos centrais para que permitan aumentar o ancho de banda nos laboratorios así como o número de postos; na aula 0, ampliouse a memoria RAM dos equipos a 4GB DDR2 800MHz, e estase programado o despregamento de imaxes con Windows 7 de 64bits e os mesmos programas que o os laboratorios 12 e 13; trasladáronse os armarios dos laboratorios para o almacén para almacenar de forma adecuada: cableado, compoñentes, teclados, ratos, fontes, ferramentas, etc. Estas tarefas está sendo coordinadas polo Subdirector David Patiño Vilas co apoio do Técnico Informático do ámbito tecnolóxico José Luis Ríos Beis e os bolsiros de informática no centro, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.

4. Aprobación, se procede, da modificación da PDA para o curso académico 2014-2015.

Por aumento de matrícula respecto ao curso pasado solicitouse un segundo grupo B nas seguintes materias de primeiro cuatrimestre de 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía:

- G290705 - Enxeñaría de sistemas e control
- G290706 - Xestión da enerxía térmica
- G290708 - Tecnoloxía electrónica

Os grupos foron concedidos pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e faise necesario modificar o Encargo de Docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2014-2015.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a mencionada modificación de PDA.

5. Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos horarios dos Graos de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” e “Enxeñaría da Enerxía” para o curso académico 2014-2015.

A modificación da PDA para as materias afectadas no punto 4 da presente Xunta de Escola fai necesaria a modificación puntual dos seus horarios coa inclusión dun segundo grupo nas materias indicadas no apartado anterior no cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

Esa proposta de modificación foi enviada por correo electrónico previamente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación de horarios, que figura no Anexo V.



6. Aprobación, se procede, das Actividades Culturais Santa Bárbara 2014.

Enviouse por correo electrónico o Informe de Actividades da Semana Cultural Santa Bárbara 2014 preparado pola Delegación de Alumnado da E.T.S.E. de Minas.

Toma a palabra o alumno Don Jaime García Iglesias para expoñer o seu contido.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o mencionado informe que figura no Anexo VI.

7. Aprobación, se procede, da proposta de reparto da partida de dotación de laboratorios.

Como se comentou durante a pasada Xunta de Escola do 14 de Xullo de 2014, a partida de adquisición de recursos para as prácticas de laboratorio da E.T.S.E. de Minas no curso 2014/15 ascenderá aos 25.714,31 € Nesa cantidade entendemos que o 20% ven directamente ao centro como axuda uniforme común aos centros da Universidade de Vigo e o 80% polo número específico de alumnado dos títulos adscritos á escola ponderados por un coeficiente que depende do contido práctico experimental dos estudos (de 1 a 12).

Unha vez retirado o importe necesario para a actualización de equipos informáticos dos laboratorios que se aprobou en dita Xunta de Escola, restan uns 11.000 € por xestionar.

Tendo en conta o número de alumnos o reparto aproximado por Área é:

ÁREAS	€
A0265 - Estatística e investigación operativa	487,9
A0280 - Estratigrafía	0,0
A0345 - Filoloxía inglesa	0,0
A0305 - Expresión gráfica na enxeñaría	728,9
A0515 - Enxeñaría dos procesos de fabricación	0,0
A0720 - Proxectos de enxeñaría	0,0
A0535 - Enxeñaría eléctrica	1394,2
A0545 - Enxeñaría mecánica	239,8
A0590 - Máquinas e motores térmicos	1862,9
A0600 - Mecánica de fluídos	690,3
A0555 - Enxeñaría química	657,1
A0065 - Ciencia dos mat. e enxen. metalúrxica	447,8
A0605 - Mec.de medios cont.e teoría das estrut.	413,8
A0295 - Explotación de minas	454,4
A0505 - Enxeñ. cartográf., xeodés. e fotogramet.	701,6



ÁREAS	€
A0710 - Prospección e investigación mineira	423,2
A0790 - Tecnoloxías do medio ambiente	243,3
A0520 - Enxeñaría de sistemas e automática	159,9
A0385 - Física aplicada	799,4
A0785 - Tecnoloxía electrónica	99,9
A0596 - Matemática aplicada II	780,6
A0650 - Organización de empresas	415,0
	11000,0

Para a asignación dos recursos solicítouse que cada área/laboratorio fixera unha proposta do material (tanto material de laboratorio como software informático) antes do 5 de Setembro.

As solicitudes presentadas polos coordinadores das distintas materias no REXISTRO do Negociado de Asuntos Xerais da escola foron documentadas empregando o Procedemento para a Xestión dos Recursos Materiais (IT01-PA07) e o formulario Ficha de solicitude para dotación de recursos con xustificación (IT02-PA07).

Recibíronse peticións xustificadas das áreas por un importe aproximado de 120.000,00€

Como queira que non foi posible tratar a proposta de reparto na Comisión de Calidade e que falta xustificación e información nalgunha das solicitudes o antedito reparto será tratado si é posible na seguinte Xunta de Escola.

8. Aprobación, se procede, da modificación puntual do Regulamento de Réxime Interno da E.T.S.E. de Minas (artigo 22).

A implantación final dos novos Graos, o inicio do novo Máster UEM e a extinción da titulación en Enxeñaría de Minas induce unha actualización do Regulamento de Réxime Interno da E.T.S.E. de Minas (artigo 22) no que se refire a composición da Comisión Permanente da E.T.S.E. de Minas. Así propónse a modificación puntual do Regulamento de tal xeito que o Artigo 22 que actualmente di:

Artigo 22.

1. *A Comisión Permanente estará integrada por trece membros titulares:*
 - a) *O director ou persoa en quen delegue.*
 - b) *O secretario da escola.*
 - c) *Un subdirector da escola.*
 - d) *Un profesor de 1º curso dos Graos impartidos na Escola.*



- e) Un profesor de 2º curso dos Graos impartidos na Escola.
- f) Un profesor de 3º curso do Grao de Enxeñaría da Enerxía.
- g) Un profesor de 3º curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- h) Un profesor da titulación de Enxeñaría de Minas.
- i) Catro alumnos.
- j) Un membro do persoal de administración e servizos.

Debe quedar redactado do seguinte xeito:

Artigo 22.

- 2. A Comisión Permanente estará integrada por trece membros titulares:
 - a) O/A director/a ou persoa en quen delegue.
 - b) O/A secretario/a da escola.
 - c) Un subdirector/a da escola.
 - d) Un profesor/a de 1º curso dos Graos impartidos na Escola.
 - e) Un profesor/a de 2º curso dos Graos impartidos na Escola.
 - f) Un profesor/a de 3º-4º cursos do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - g) Un profesor/a de 3º-4º cursos do Grao de Enxeñaría da Enerxía.
 - h) Un profesor/a do Máster de Enxeñaría de Minas.
 - i) Catro estudantes.
 - j) Un membro do persoal de administración e servizos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento esta proposta de modificación do citado artigo.

9. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da E.T.S.E. de Minas.

Para a renovación da Comisión Permanente para este curso académico 2014-2015, recibíronse as seguintes candidaturas (que se achegan como anexo VII a esta acta):

SECTOR PDI 1º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ

SECTOR PDI 2º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
MARTA CABEZA SIMÓ	ELENA ALONSO PRIETO



SECTOR PDI 3º - 4º GRAO ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

<i>TITULAR</i>	<i>SUPLENTE</i>
FERNANDO GARCÍA BASTANTE	LEANDRO ALEJANO MONGE

SECTOR PDI 3º - 4º GRAO ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

<i>TITULAR</i>	<i>SUPLENTE</i>
JORGE C. MORÁN GONZÁLEZ	ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ

SECTOR PDI MASTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS

<i>TITULAR</i>	<i>SUPLENTE</i>
TERESA RIVAS BREA	MARÍA ARAÚJO FERNÁNDEZ

SECTOR ALUMNOS:

<i>TITULARES</i>	<i>SUPLENTES</i>
UXÍA ALONSO SANMARTÍN	CAROLINA RODRÍGUEZ HERMIDA
ROSALÍA CARRILLO PÉREZ	NEREA LEMA COSTA
JAIME GARCÍA IGLESIAS	DIEGO FARO MALVAR
ÁLVARO RODRÍGUEZ LÓPEZ	XEILA IGLESIAS JUSTO

SECTOR PAS

<i>TITULAR</i>	<i>SUPLENTE</i>
Mª CARMEN ROMO PÉREZ	

Existindo o mesmo número de candidaturas que prazas non procede votación e a Xunta de Escola aproba, por asentimento, esta composición da Comisión Permanente para o curso académico 2014-2015.

10. Aprobación, se procede, da Memoria definitiva do Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade A Coruña.

Envíase por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola a documentación da Memoria Final e a resposta de alegacións.

Mantense a proposta inicial da memoria e apróbase, por asentimento, tanto a Memoria definitiva como a resposta as alegacións a este Máster. O prazo de envío final da documentación da Universidade de Vigo é o venres 19 de Setembro. Acéptase que calquera modificación puntual sexa aprobada pola Comisión Académica do Máster.

Achégase como anexo VIII a esta acta a documentación aprobada.



11. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.

Na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo aprobáronse as correspondentes Guías Docentes para o curso 2014-2015 que poden consultarse no enlace:

https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=309&ensenyament=V09M148V01&consulta=assignatures&any_academica=2014_15&idioma_assig=

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as correspondentes guías.

12. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Na Comisión de Calidade da ETSE de Minas do pasado 15 de Setembro aprobouse a seguinte modificación na súa composición:

- Representante do PAS: M^a Carmen Romo Pérez
- Representante da Sociedade: Diego López González, Director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, unha corporación de dereito público e un órgano consultivo da Administración, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia que representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia.

A Dirección agradece aos antigos membros (Cristina Morgadas Lois e José Enrique Martín Suárez) o traballo realizado.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, esta modificación na Comisión de Calidade.

13. Aprobación, se procede, das alegacións ao informe de certificación.

Na Comisión de Calidade da ETSE de Minas do pasado 15 de Setembro aprobouse o Plan de Accións de Mellora recollido na Guía de certificación da ACSUG e en resposta ao informe da auditoría de certificación do SGIC da ETSE de Minas.

Neste plan están incluídas as respostas ás non conformidades maiores (NCM), menores (ncm) e ás oportunidades de mellora (PM) detectadas na auditoría.

A Área de Calidade da Universidade de Vigo fixo unha proposta de resposta relacionada coas non conformidades e oportunidades de mellora de carácter institucional que foi incorporada no documento. As respostas a nivel de centro foron coordinadas pola Coordinadora de Calidade Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado. O prazo da Universidade de Vigo para remitir o mencionado Plan remata o 18 de Setembro.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, este Plan que se inclúe como anexo IX a esta acta.



14. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Na Comisión de Calidade da ETSE de Minas do pasado 15 de Setembro aprobouse a seguinte documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas:

1. QS01-PM01 Informe de Queixas e Suxestións Centro 13-14
2. R1-DO0205 Listado de estudantado propio seleccionado 13-14
3. R2 DO0205 Listado de estudantado de mobilidade alleo 13-14
4. Listado de Practicas en Empresa 13-14
5. R1 DO0201 Informe Anual de Coordinación 13-14

A redacción dos anteriores documentos foi coordinada pola profesora Dona Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a antedita documentación que pode consultarse no Anexo X.

15. Rogos e preguntas.

A profesora Dona Teresa Rivas Brea pregunta polo procedemento de notificación de goteiras no centro.

A Dirección indica que debe ser notificado á área de servizos xerais (conserxería) ou ao Subdirector de Infraestruturas e AAEE para que lle traslade a incidencia á Administradora do Centro e logo á Unidade Técnica.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezasete de setembro de dous mil catorce.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria
(Por suplencia)

José Benito Vázquez Dorrió

Carmen Pérez Pérez



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 17/09/2014.



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 17/09/2014.



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 14/07/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrío
2.	Secretaría: Carmen Pérez Pérez
3.	Álvarez Vázquez, Lino José
4.	Araújo Fernández, María
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	García Bastante, Fernando
7.	Liz Marzán, Eduardo
8.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
9.	Mandado Vázquez, Alfonso
10.	Martín Suárez, José Enrique
11.	Rivas Brea, Teresa
12.	Saavedra González, Ángeles
13.	Sánchez Bermúdez, Anxo
ALUMNOS	
1.	Alonso Sanmartín, Uxía
2.	Carrillo Pérez, Rosalía
3.	Casal Echevarría, Alexandre
4.	García Iglesias, Jaime
5.	González Méndez, Patricia
6.	Iglesias Alonso, Laura
7.	Iglesias Justo, Xeila
8.	Lema Costa, Nerea
9.	López Echevarría, Isabel
10.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
11.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	45
Asistentes	25

Escusa a súa asistencia:

- Don Leandro Alejano Monge
- Don Javier Vijande López



ANEXO III

Acordo da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría Industrial sobre os requisitos de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría Industrial para os alumnos procedentes do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

D. RAFAEL COMESAÑA PIÑEIRO, SECRETARIO DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO,

CERTIFICO:

Que a Comisión Permanente da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo, na reunión celebrada o día 4 de xullo de 2014, aprobou os requisitos de acceso ao Mestrado en Enxeñería Industrial para os alumnos procedentes do Grao en Enxeñería da Enerxía, da Universidade de Vigo, e que detallo a continuación:

Complementos de formación para la admisión de alumnos procedentes del Grado en Ingeniería de la Energía de la Universidad de Vigo en el Máster en Ingeniería Industrial de la EEI. Estos complementos no forman parte de los 120 ECTS del máster y deben ser cursados con anterioridad al máster para ser admitidos. Estos complementos deberán ser cursados en los grupos correspondientes al Grado en Ingeniería en Tecnologías Industriales.

- Expresión Gráfica: expresión gráfica (9 ECTS).
- Informática para la ingeniería (6 ECTS).
- Fundamentos de automática (6 ECTS).
- Tecnología electrónica (6 ECTS).
- Fundamentos de organización de empresas (6 ECTS).
- Fundamentos de sistemas y tecnologías de fabricación (6 ECTS).

Bloque de adaptación para los alumnos del Máster en Ingeniería Industrial procedentes del Grado en Ingeniería de la Energía de la Universidad de Vigo.

Mismo bloque de adaptación que el destinado a alumnos procedentes del Grado en Ingeniería Mecánica de la EEI:

- Instalaciones y máquinas eléctricas (6 ECTS).
- Ampliación de física (6 ECTS).
- Métodos matemáticos en la ingeniería industrial (6 ECTS).
- Acondicionamiento de señal y sensores (6 ECTS).
- Ingeniería de control y automatización industrial (6 ECTS).

A acta que reflexa este acordo está pendente de aprobación.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expídese o presente certificado en Vigo a once de xullo de dous mil catorce.





ANEXO IV

**Plantilla escrito ao profesorado coa información recollida a través do Plan de
Acción Titorial da Escola durante o curso 2013-2014.**



Profesor/a Don/a XXXXX

Profesor da Materia de XXXXX

**Grao en Enxeñaría da Enerxía/Grao en Enxeñaría dos Recursos
Mineiros e Enerxéticos**

XXXXX

Póñoome en contacto con vostede en calidade de Director e Presidente da Comisión de Calidade da ETSE de Minas para remitirllle con detalle certa información relacionada coa súa materia, recollida a través do Plan de Acción Titorial da Escola durante o curso 2013-2014,

As evidencias do Plan de Acción Titorial (PAT) recollidas polos titores son resultado das reunións que para cada grupo de alumnado están planificadas ao longo do curso. Ao finalizar o curso, os coordinadores xunto cos titores proceden a realizar unha análise e avaliación en base ás evidencias recollidas durante todo o período académico, xunto cos datos aportados nun breve cuestionario de satisfacción que o alumno deberá encher. Ademais, recóllense todas aquelas queixas e suxestións que puideran xurdir desde calquera dos axentes implicados no PAT. **Trátase con elo de analizar as dificultades e problemas detectados e introducir as melloras que se consideren necesarias no plan cara ao vindeiro curso.** Todas estas cuestións forman parte do Informe Anual do PAT que corre a cargo da coordinadora do PAT, interlocutora entre os distintos axentes implicados e encargada de recoller a información relevante e ao mesmo tempo impulsar a súa mellora. O informe Anual do PAT foi aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade o **XXXXX** e posteriormente pola Xunta de Escola o **XXXXX**. Esa información é pública agora no apartado Inicio > ETSE MINAS > CALIDADE > SGIC > EVIDENCIAS da web do centro.

No mesmo se indicaba que nalgúñas materias do seu curso existían comentarios/queixas. A Comisión de Garantía de Calidade acordou que os mesmos non foran incorporados ao mencionado informe anual posto que este é público e **non constitúen reclamacións formais en si mesmas de acordo co Regulamento de incidencias, reclamacións e suxestións** (Aprobado en Xunta de Escola 30/07/2009), sabendo que calquera usuario vinculado á ETSE de Minas (PDI, PAS, alumnado e servizos) pode presentar os seus incidentes/reclamacións/suxestións mediante o formulario IT02-PA04 do Sistema de Garantía Interna de Calidade/SGIC, podendo ser só as suxestións anónimas. A Comisión de Garantía de Calidade decidiu así mesmo facer un seguimento e que o profesorado/materias afectados foran informados por escrito. Pode consultarse a Acta do Acordo no apartado Inicio > DESCARGAS DE DOCUMENTOS > DOCUMENTOS SGIC > ACTAS da web do centro. No seu caso o recollido nas reunións do PAT, literalmente, é:

XXXXX

Sen outro particular, aproveito para enviarlle un cordial saúdo e quedo a súa disposición para calquera aclaración que considere oportuna

José Benito Vázquez Dorrío
Universidade de Vigo
E.T.S.E. de Minas
Director
Campus Universitario
E36310 Vigo (SPAIN)
Tf: +34 986 813 490 +34 6473 43275
Fax: +34 986 811 924
E-mail: directorminas@uvigo.es



ANEXO V

Modificacións horarios no cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía.



ANEXO VI

Informe Actividades Santa Bárbara 2014.



ANEXO VII

Reparto da partida de laboratorios docentes do centro.



ANEXO VIII

Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente.



ANEXO IX

**Memoria definitiva e documentación adicional do Máster Universitario en
Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade A Coruña.**



ANEXO X

Plan de Accións de Mellora ao Informe de Auditoría de Certificación da Implantación do SGIC.



ANEXO XI

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas:

1. **QS01-PM01 Informe de Queixas e Suxestións Centro 13-14.**
2. **R1-DO0205 Listado de estudantado propio seleccionado 13-14.**
3. **R2 DO0205 Listado de estudantado de mobilidade alleo 13-14.**
4. **Listado de Practicas en Empresa 13-14.**
5. **R1 DO0201 Informe Anual de Coordinación 13-14.**